

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP JOSÉ MARÍA LAGE  
CURSO: PRIMEIRO DE EDUCACIÓN PRIMARIA  
MATERIA: LENGUA, MATEMÁTICAS, GALEGO, CC SS, CCNN,  
PLÁSTICA, VALORES.  
DOCENTE: MARCO PIÑEIRO PÉREZ

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. LENGUA CASTELLANA: Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Expresarse e comunicarse de forma oral e con certa coherencia para satisfacer as necesidades de comunicación en diferentes situacións da aula.	Expresa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias.  Aplica as normas socio-comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras.
Comprender o sentido global dun texto oral. Identificar información relevante.	Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.
Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas	Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
Ler en voz alta e de forma adecuada, diferentes tipos de textos infantís breves e sinxelos.	Le con pronunciación e entoación adecuada textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.
Progresar na adquisición do hábito lector.	Descodifica de forma adecuada na lectura de textos sinxelos.  Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada.
Interiorizar e utilizar as normas básicas de escritura e os seus aspectos gráficos.	Relaciona os códigos oral e escrito: identifica e discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías da lingua castelá en palabras significativas.
Interesarse pola presentación dos traballos escritos e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión	Presenta os escritos con limpeza, organización e claridade facendo uso dunha letra lexible.

	Segue as normas ortográficas básicas (puntos finais, uso de maiúsculas...)
Mellorar o coñecemento da lingua e sistematizar a adquisición do vocabulario.	Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra.  Recoñece o alfabeto e iníciase na orde alfabética.
Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión e expresión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas de ortografía propias do nivel e aplícaaas na escritura e lectura de textos significativos sinxelos e seguindo modelos.
Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal	Identifica sinxelos textos propios da literatura infantil: contos, poesías, cómics, adiviñas, ...  Goza da escoita de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos.

### **MATEMÁTICAS: Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Expresar verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema.	Comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema simple de matemáticas
Ler, escribir e ordenar números enteiros	Le, escribe e ordena números ata o 99.

<p>Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.</p>	<p>Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados.</p> <p>Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados.</p>
<p>Iníciase no coñecemento das unidades básicas de medida de peso, capacidade, tempo e valor monetario e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.</p>	<p>Realiza medicións e comparacións entre obxectos cotiás en relación ao peso e capacidade.</p> <p>Coñece e utiliza as unidades de medida do tempo e as súas relacións. Minuto, hora, día e o ano.</p> <p>Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes</p>
<p>Interpreta representacións espaciais sinxelas</p>	<p>Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a un mesmo usando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaxo, preto-lonxe e próximo-afastado.</p>
<p>Coñecer as figuras planas básicas: triángulo, cadrado, círculo e rectángulo.</p>	<p>Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato.</p>

## CIENCIAS SOCIAIS: Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Traballar en equipo e adoptar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas	Participa nas actividades individuais e de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.
Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área.	Identifica a terminoloxía propia da área.
Identificar os elementos da contorna partindo do máis próximo a través da observación e uso das TIC.	Describe os elementos básicos da súa contorna máis próxima.
Recoñecer e valorar a importancia que a auga e o aire teñen para a vida e reflexionar sobre a importancia que o uso responsable ten na súa contorna máis próxima.	Explica, de forma sinxela, a importancia que o uso responsable destes elementos ten na súa contorna máis próxima.
Diferenciar entre os elementos naturais e os producidos pola man do home existentes na contorna próxima poñendo exemplos	Diferencia entre elementos da paisaxe natural e construída polo home e identifica algunha das accións humanas máis destacadas

	da contorna física.
Coñecer e respectar todos os elementos que conforman a escola e as súas funcións.	Identifica os membros da comunidades escolar, describe as tarefas que desenvolven e respéctanas.
Recoñecer a pertenza a certos grupos e participar neles respectando os principios básicos de convivencia.	Respecta as normas de convivencia establecidas na familia e na escola
Ser consciente do paso do tempo empregando, como unidades de medida, os días, as semanas, os meses, o ano, as estación e o calendario como instrumento para medir e representar o paso do tempo.	Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea meses do ano e diferenza as estacións segundo as súas características.

### CIENCIAS NATURAIS: Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Traballar de forma cooperativa, respectando os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia	Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta aos compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.

<p>Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.</p>	<p>Recoñece partes do propio corpo.</p> <p>Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios ou alleos.</p>
<p>Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: hixiene persoal, a alimentación variada, o exercicio físico regulado sen excesos ou o descanso diario.</p>	<p>Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada, o exercicio físico ou a hixiene.</p>
<p>Identificar e explicar en diferentes soportes, as principais características das plantas e dos animais.</p>	<p>Explica as principais diferenzas entre plantas e animais empregando diferentes soportes.</p> <p>Amosa condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos.</p>
<p>Adoptar medidas de protección ambiental e poñelas en práctica</p>	<p>Coñece a importancia das tres “R” e o uso responsable da auga</p>
<p>Experimentar e manipular instrumentos e obxectos sinxelos de uso cotián identificando algunhas propiedades físicas.</p>	<p>Identifica cor, dureza, olor, sabor e textura en materiais e obxectos de uso común.</p>
<p>Manexar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares, describir os seus materiais e o seu funcionamento e utilízalos con seguridade evitando estereotipos sexistas.</p>	<p>Identifica e manexa algúns aparellos e máquinas simples de uso cotián empregándoos con seguridade e evitando estereotipos sexistas.</p>



--	--

<b>EDUCACIÓN ARTÍSTICA (PLÁSTICA): Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
Amosar respecto pola área e polos diferentes tipos de expresións plástica.	Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.
Valorar a limpeza, os materiais e a orde na realización dunha tarefa plástica e o seu produto final.	Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para alcanzar o resultado final proposto.
Describir calidades e características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial.	Describe calidades e características de materiais, obxectos e instrumentos presentes no contexto natural e artificial.
Realizar composicións plásticas que representen o mundo imaxinario, afectivo e social.	<p>Usa diferentes tipos de materiais e experimenta con eles para crear a posteriori obras plásticas.</p> <p>Respecta as normas preestablecidas e coida os materiais, os utensilios e os espazos.</p>

<b>LINGUA GALEGA E LITERATURA: Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.	Participa nunha conversa entre iguais, comprendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.
Participar nas diversas situacións de interaccións oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.
Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en pequeno grupo.	Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en pequeno grupo.
Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.	Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada situación comunicativa e propia da lingua galega.
Recoñecer usos da linguaxe discriminatoria coas diferenzas.	Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial as referentes ao xénero, ás razas e ás etnias.
Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.	Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.
Ler, de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.	Descodifica de forma adecuada na lectura de textos sinxelos.  Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada.
Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.	Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.
Interesarse pola presentación dos traballos escritos e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	Interésase pola presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.

Coñecer, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas.	Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.
Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividades e á autonomía lectoras.	Le, de forma guiada e en voz alta, textos adecuados a interese infantís, par chegar progresivamente á expresividade lectora.
Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recuso de gozo persoal.
Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais.	Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, valorando e respectando a diversidade cultural.

### **VALORES SOCIAIS E CÍVICOS: Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Crear unha imaxe positiva dun mesmo valorando positivamente as súas características físicas e calidades, expresándoos mediante a linguaxe oral e representacións.	Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas características físicas e calidades persoais.
Tomar conciencia das emocións, recoñecendo os signos físicos que as poden acompañar.	Describe oralmente os signos físicos que acompañan as diferentes emocións.
Desenvolver actitudes para actuar con motivación e responsabilidade.	Realiza tarefas seguindo as pautas acordadas.
Expresar opinións, emocións e estados de ánimo empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.	Emprega a comunicación verbal para comunicar afectos e emocións con amabilidade.

Aprender a comunicarse expresando de forma clara ideas, escoitando con atención respectando a quenda de palabra.	Conversa sobre un tema proposto e respecta a quenda de palabra.
Participar en actividades grupais e de equipo, tendo en conta as propias necesidades e amosando unha boa disposición para recibir e dar axuda.	Mantén boas relacións cos compañeiros e compañeiras.
Valorar as condutas cotiás en relación ás normas de convivencia do colexio e realizar un uso responsable dos materiais escolares.	Coñece e enumera as normas de convivencia da aula.  Fai uso adecuado do material.
Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidades de homes e mulleres.	Colabora coas persoas do outro sexo en diferentes situación escolares.
Valorar as normas de seguridade viaria.	Explica oralmente a importancia de respectar os sinais de tráfico.



## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos:</b> Os procedementos utilizados para a avaliación do alumnado intentarán axustarse, na medida do posible, aos deseñados na programación didáctica orixinal. Así, utilizaremos principalmente a <b>observación e análise das producións</b> que o alumnado e as familias nos proporcionen a través de imaxes das actividades realizadas co cal elaboraremos un <b>registro sistemático de recollida de datos</b>. Crearase tamén un <b>registro anecdótico persoal</b> onde se recollerán aspectos destacados e puntuais do proceso e todo o relativo á comunicación e relación coas familias. Valorarase especialmente a participación e esforzo do alumnado por seguir o seu proceso de aprendizaxe.</p> <p>Por outra banda, avaliarase tamén a propia práctica docente e o desenvolvemento e adecuación das programacións a través do ítems creados para dito fin e unha encuesta creada para as familias.</p> <p><b>Instrumentos:</b> Os instrumentos utilizados para a avaliación serán o <b>registro sistemático de recollidas de datos</b>, o <b>registro anecdótico persoal</b>, <b>fichas e escalas de seguimento</b>, <b>rúbricas</b> e finalmente, o <b>cuestionario</b> para que as familias valoren a atención proporcionada co fin de corrixir e mellorar, na medida do posible, a metodoloxía empregada.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>A cualificación final do alumnado levarase a cabo tomando como referencia o establecido na programación didáctica deseñada a comezo do curso actual e baseándose as instrucións proporcionadas pola Consellería de Educación en relación ao desenvolvemento do terceiro trimestre.</p> <p>Tendo isto en conta e, con carácter xeral, a cualificación final será a <b>media entre as cualificacións obtidas na primeira e a segunda avaliación</b> non podendo ser, en ningún caso, inferior a esta.</p> <p>Naqueles casos de alumnos ou alumnas que ao longo do terceiro trimestre</p>

	e, cos medios establecidos para dito fin, demostrasen un rendemento académico notable poderá incrementarse a cualificación final.
--	---

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p>As actividades proporcionadas ao alumnado teñen un carácter lúdico e están orientadas principalmente á recuperación, o repaso e o reforzo dos contidos xa adquiridos.</p> <p>Diariamente propoño actividades que varían en función do día e a materia alternando o traballo a través de fichas ou do caderno persoal que teñen na casa, con xogos educativos creados por min mesmo, enlaces a páxinas web de interese e outras tarefas tamén dinámicas coma retos, experimentos, recetas, gravacións contando as súas propias experiencias persoais, cancións musicais, sesións de relaxación infantil e actividades similares.</p> <p>Así mesmo e, tendo en conta que non todos os nenos teñen impresora na casa pero sí teñen os libros de texto, propóñense tarefas deste material para ampliar e profundizar en contidos xa traballados nos dous primeiros trimestres e considerados imprescindibles.</p>	
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Co fin de establecer unha relación máis estreita e directa entre o profesorado e as familias e, coa autorización do equipo directivo, decidín crear un blog que funcionase como eixe metodolóxico e fío condutor da práctica educativa.</p> <p>O blog está deseñado dunha forma moi sinxela para que o seu manexo sexa o máis práctico e operativo posible para todas as familias, sen necesidade de ningún coñecemento de tipo informático.</p> <p>No blog colgo avisos e notas informativas e explicativas sobre os avances e cambios no proceso educativo en xeral, así como na práctica docente persoal. Ademais de proporcionar información sobre calquera alteración ou modificación inclúense as actividades e tarefas</p>	
ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 15 DE 17	CENTRO: CURSO: MATERIA:



	<p>semanais deseñadas para o alumnado da miña aula.</p> <p>A través do blog as familias teñen organizados os contidos e materiais por días e materias co cal resulta moi sinxelo acceder a eles. Ademais ao blog pódese acceder e visualizar desde un móbil, tendo en conta que non todo o alumnado dispón de internet ou ordenador pero si conta con datos móbiles nos seus teléfonos.</p> <p>Por outra banda, no blog teñen un formulario de contacto moi sinxelo onde poden contactar comigo en calquera momento. Ademais, todas as familias teñen o meu correo persoal e estase a valorar a posibilidade de crear un grupo de whatsapp para que o contacto sexa aínda máis directo e persoal e facilitar o envío das tarefas.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	Os materiais e recursos utilizados son, ademais do propio blog, libros de texto, libros de lectura físicos e online, fichas de repaso, reforzo e ampliación, xogos educativos online, gravacións, vídeos, cancións, etc.

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	O procedemento para informar ás familias e o alumnado da miña titoría é, principalmente, un blog educativo cuxo funcionamento foi explicado en profundidade no apartado anterior onde se detalla tamén todas as canles de comunicación coas familias que serven para informalas dos avisos e cambios respecto ao proceso educativo.
<b>Publicidade</b>	En relación á publicidade, utilízase tanto a páxina web do colexio como o blog persoal creado para dito fin.